

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032807	IES do Milladoiro	Ames	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	2º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	24
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	28

## 1. Introducción

Estamos no undécimo curso de funcionamento do IES do Milladoiro, cunha tendencia continuísta con respecto aos últimos cursos relacionada co crecente aumento de alumnado. Un alumnado que procede, sobre todo, do centro adscrito CEIP de Ventín (hai moi pouco alumnado procedente doutros centros da contorna) e que destaca pola diversidade social e cultural, cunha porcentaxe importante procedente do estranxeiro.

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos. Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfrónaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos. O primeiro dos obxectivos da materia oríentase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuizos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos subliñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todas eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a

reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional, audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 2º de ESO nas seguintes unidades didácticas:

- 1ª. Don de linguas
- 2ª. Máis que palabras
- 3ª. Na onda

Esta programación é un documento flexible, que, en todos os seus aspectos, pode sufrir modificacións dependendo en cada caso das circunstancias xerais e mesmo particulares de cada momento e de cada alumno/a ou grupo de alumnado. Intentamos vertebrar a programación didáctica e o traballo na aula arredor dun conxunto de situacións de aprendizaxe contextualizadas, significativas e relevantes para que, ao termo de cada curso, consiga traballar de maneira proporcionada todos os contidos incluídos no currículo.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Don de linguas	Nesta unidade afondaremos no concepto de comunicación, analizando os elementos do proceso comunicativo e as diferentes funcións da linguaxe en relación aos propósitos do emisor. Analizaremos as propiedades dos textos e continuaremos o estudo das linguas de España. Abordaremos a estrutura das palabras, así coma as diferentes relacións de significado que se establecen entre elas. Afianzaremos os coñecementos sobre as diferentes categorías gramaticais. Procuraremos a corrección ortográfica dos nosos textos, centrándonos no uso da til e das palabras homófonas con h e sen h. Traballaremos coa narración literaria, no referente aos seus elementos e principais subxéneros.	33	40	X		
2	Máis que palabras	Nesta unidade iniciaremos no uso dos conectores textuais e aprenderemos a clasificar os textos segundo diversos criterios: intención do emisor, forma do discurso e ámbito de uso. Continuaremos a análise das diferentes categorías gramaticais, con especial atención ao verbo. Afondaremos na procura da corrección ortográfica para os nosos textos centrándonos nas palabras homófonas con b ou con v e con ll ou y, así coma no uso da grafía x. Estudaremos o fenómeno da paronimia. Abordaremos o xénero lírico e as súas convencións: o verso, a súa medida, as estrofas e os poemas.	33	35		X	
3	Na onda	Nesta unidade, no ámbito da comunicación,	34	30			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Na onda	analizaremos as principais diferenzas entre os textos orais planificados e non planificados. Traballaremos con textos procedentes dos diversos medios de comunicación. Prestaremos especial atención á información na Internet e ás mensaxes publicitarias. Iniciarémonos no ámbito da sintaxe, cunha aproximación á estrutura da oración simple. Continuaremos a traballar a corrección ortográfica, centrándonos no uso dos signos de puntuación. Abordaremos o estudo do xénero teatral, analizando as diferenzas entre o texto literario e a súa representación e os seus principais subxéneros. Aproximarémonos á literatura actual e á súa relación con outras artes.	34	30			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Don de linguas	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España coma das que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns dos seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado deberá poder recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, identificando as nocións básicas das linguas.	PE	80
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado deberá poder comprender o sentido global, a estrutura e a información relevante en función da intención comunicativa do emisor en textos multimodais.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e dos instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado deberá poder redactar textos escritos cohesionados, coherentes e co rexistro adecuado. Deberá poder identificar as propiedades textuais dun texto dado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, mostrando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá poder empregar correctamente as convencións ortográficas, con especial atención ao uso das tildes e da grafía h.		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado deberá poder interpretar o sentido global e a información máis relevante da obra literaria lida.		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado deberá poder identificar os procedementos comunicativos característicos dos textos literarios de carácter narrativo.		
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado deberá poder explicar os elementos constitutivos da narración literaria e os principais subxéneros narrativos.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá poder identificar os diferentes tipos de palabras e usalos con precisión léxica e gramatical.		
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado deberá poder identificar as diferentes relacións de significado entre as palabras, argumentando a relación entre as eleccións semánticas do emisor e o seu propósito comunicativo.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado deberá poder formular xeneralizacións sobre a estrutura da palabra e os seus elementos constitutivos.		
CA2.8 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado deberá poder identificar os usos discriminatorios da lingua a través dos usos manipuladores da linguaxe.		
CA3.1 - Realizar exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias do xénero discursivo, con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado deberá poder facer exposicións orais sinxelas.	TI	20
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios e reelaboraala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.	O alumnado deberá poder facer esquemas propios.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado deberá poder realizar un traballo sinxelo de investigación sobre as linguas de España.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado deberá poder revisar os textos propios e facer propostas de mellora.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	O alumnado deberá poder utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos.		
CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado deberá poder deixar constancia da súa experiencia lectora.		
CA4.7 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado deberá poder establecer vínculos entre diferentes textos narrativos en función dos temas, tópicos, estruturas e linguaxes empregadas.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado deberá poder crear un texto narrativo persoal seguindo as súas convencións e con intención literaria.		
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado deberá poder revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aproximación ás linguas de signos.</li> <li>- Comparación de trazos das principais variedades dialectais do castelán, con especial atención á do propio territorio.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.                         <ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise das propiedades textuais en textos sinxelos: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a exposición.</li> </ul> </li> <li>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul>

## Contidos

- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Detección dos recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
- Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).
- Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos do ámbito educativo: elaboración de exposicións orais e escritas.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Utilización de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
- Emprego de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada, a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.</li> <li>- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.</li> <li>- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre os cambios no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Máis que palabras	35

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado deberá poder comprender o sentido global dun texto escrito en función da súa forma e o seu ámbito de uso.	PE	80
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e dos instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado deberá poder identificar os principais conectores textuais e usalos na elaboración de textos propios.		
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, mostrando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá poder empregar correctamente as convencións ortográficas, con especial atención ao uso das grafías b ou v, ll ou y e x.		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado deberá poder interpretar o sentido global e a información máis relevante na obra literaria lida.		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado deberá poder identificar os procedementos comunicativos característicos dos textos literarios de carácter lírico.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado deberá poder explicar os elementos constitutivos e as convencións formais dos textos líricos.		
CA4.7 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado deberá poder establecer vínculos entre diferentes textos líricos en función dos temas, tópicos, estrutura e linguaxe empregados.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá poder identificar os diferentes tipos de palabras e usalos con precisión léxica e gramatical.		
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado deberá poder explicar a interrelación entre o propósito comunicativo do emisor e as características formais do texto.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado deberá poder formular xeneralizacións sobre o funcionamento da lingua en relación ao sistema verbal.		
CA1.2 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal partindo da análise da diversidade lingüística da contorna.	O alumnado deberá poder identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto.		
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado deberá poder identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora.		
CA2.8 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado deberá poder identificar os usos discriminatorios da lingua a través dos usos manipuladores da linguaxe.	TI	20
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.	O alumnado deberá poder facer esquemas propios.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado deberá poder revisar os textos propios e facer propostas de mellora.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	O alumnado deberá poder utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos.		
CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado deberá poder deixar constancia da súa experiencia lectora.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado deberá poder crear un texto lírico persoal seguindo as convencións do xénero e con intención literaria.		
CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado deberá poder contrastar información procedente de diferentes fontes en función dos obxectivos de lectura.		
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado deberá poder revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación á reflexión interlingüística.</li> <li>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.</li> </ul> </li> <li>- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Detección dos recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.</li> <li>- Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).</li> <li>- Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> </ul> </li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación.</li> </ul> </li> <li>- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul>

## Contidos

- Producción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Utilización de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de déixe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
- Emprego de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada, a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	Na onda	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado deberá poder avaliar a forma e o contido, así coma os procedementos comunicativos en textos publicitarios sinxelos.		
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	O alumnado deberá poder identificar as principais diferenzas entre os textos planificados e os non planificados.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	O alumnado deberá poder contrastar información procedente de diversas fontes calibrando a súa pertinencia e fiabilidade.		
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, mostrando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá poder empregar correctamente as convencións ortográficas, con especial atención ao uso dos signos de puntuación.		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado deberá poder interpretar o sentido global e a información máis relevante da obra literaria lida.		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado deberá poder identificar os procedementos comunicativos característicos dos textos literarios de carácter teatral.	PE	80
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado deberá poder explicar os elementos constitutivos dos textos teatrais, así coma dos principais subxéneros.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá poder identificar os diferentes tipos de palabras e usalos con precisión léxica e gramatical.		
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado deberá poder explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor en textos procedentes da Internet.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado deberá poder identificar a oración simple. Deberá poder diferenciar os seus constituíntes principais: suxeito e predicado. Deberá poder identificar os complementos do verbo en oracións sinxelas.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, así como a manipulación a través da palabra, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado deberá identificar os usos discriminatorios da lingua nos textos publicitarios.	TI	20
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e coa comunicación da información.	O alumnado deberá poder adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais.		
CA2.8 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado deberá poder identificar os usos discriminatorios da lingua e a manipulación a través da linguaxe.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumno deberá poder participar en interaccións orais informais de carácter dialogado.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	O alumnado deberá poder utilizar estratexias para a resolución dialogada de conflitos.		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais acerca de obras literarias, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado deberá poder participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais acerca de obras literarias.		
CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado deberá poder deixar constancia da súa experiencia lectora.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado deberá poder expoñer a súa biografía lectora incluíndo todas as obras lidas no curso.		
CA4.7 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado deberá poder establecer vínculos entre diferentes textos teatrais en función dos temas, tópicos, estrutura e linguaxe empregados.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado deberá poder recrear un texto teatral seguindo as convencións e con intención literaria.		



Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás dialogadas e expositivas.</li> <li>- Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.</li> </ul> </li> <li>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.</li> <li>- Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento.</li> </ul> </li> <li>- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).</li> <li>- Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> </ul> </li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Creación de secuencias textuais, con especial atención ás dialogadas e expositivas.</li> <li>- Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos do ámbito educativo: elaboración de exposicións orais e escritas.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.</li> </ul> </li> <li>- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.</li> <li>- Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento, comunicación e difusión creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e de recursos na Rede para a realización de proxectos escolares.</li> </ul> </li> <li>- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta</li> </ul> </li> </ul>

## Contidos

- e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada, a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados, ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados e da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. Orde das palabras e concordancia.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos/as estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de

empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmos. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: aplicación de adaptacións curriculares significativas, dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, agrupamentos flexibles, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (comprensión e expresión oral e escrita, comunicación, reflexión lingüística, educación literaria, resolución de problemas, razoamento lóxico, desenvolvemento do pensamento abstracto...).

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando ao alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Estes principios metodolóxicos han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido: As linguas e os seus falantes, Comunicación, Educación literaria e Reflexión sobre a lingua. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora:

-Lectura compartida de textos propios do ámbito persoal, social e académico para procurar a interacción entre iguais, posto que todo o alumnado participará na lectura en voz alta dos fragmentos escollidos, a escoita activa, a comprensión oral e a explicación e argumentación arredor da interpretación dos mesmos.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis, textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para asimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

-Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

-Realización dun obradoiro de lectura e escritura creativa na aula para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos de actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse catálogos ou menú literarios, produtos multimedia nas que se condensen as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais,

booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudantes. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.

8) Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).

9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas. Realizaranse, ademais, actividades para a composición e deseño de glosarios temáticos.

10) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

11) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto. Lengua castellana y Literatura 2º ESO, VVAA, Ed. Santillana, 2023
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Obras de lectura obrigatoria: César Mallorquí, "El último trabajo del señor Luna", Ed. Edebé; Marina Mayoral, "Tristes armas", Ed. Anaya; Nando López, "Por qué tiene que ser todo tan difícil", Ed. Santillana
Obras de lectura voluntaria establecidas a partir dunha selección previa e que permitan ao alumnado a constitución dun itinerario lector propio.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.

Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión e crítica, pretende favorecer o hábito lector do alumnado, partindo de textos próximos aos seus intereses e expectativas para ir achegándoos progresivamente á literatura clásica.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

- Dicionario da Real Academia Española: [www.rae.es](http://www.rae.es)
- Dicionario Panhispánico de Dúbdas: [www.rae.es/dpd](http://www.rae.es/dpd)
- Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>
- Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: [www.los-poetas.com](http://www.los-poetas.com)
- Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: [www.poemas-del-alma.com](http://www.poemas-del-alma.com)
- Ampla colección de audio e videopoemas: [www.palabravirtual.com](http://www.palabravirtual.com)
- Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>
- Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>
- Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>
- Prácticas de lectura intensiva e comprensión lectora: <http://www.xtec.cat/~jgenover/complec.htm>
- Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>
- Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: <https://www.intralineas.com/>
- Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>
- Aula de Letras: [http://www.auladeletras.net/Aula\\_de\\_Letras/Inicio/Inicio.html](http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html)
- Morderse la lengua: [https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse\\_lengua/default.htm](https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm)
- Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>

- Exercicios interactivos para traballar o léxico: <http://www.xtec.cat/~jgenover/lexico.htm>
- Actividades interactivas sobre sintaxe: <http://www.xtec.cat/~jgenover/sinta.htm>
- Actividades interactivas sobre ortografía, lingua e diversidade: <http://www.xtec.cat/~jgenover/miscel.html>
- Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas): <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Facemos unha avaliación inicial co obxectivo de recoller información relevante do alumnado, que nos axuda a determinar as súas necesidades educativas, coa intención de tomar decisións que favorezan o seu óptimo desenvolvemento competencial. Interesa saber que é o que o alumno ou alumna coñece e sabe facer, con que axudas mellora, como recolle e procesa a información que lle damos, canto tempo é capaz de permanecer centrado nunha tarefa, en que condicións aprende mellor, que intereses e motivacións ten cara a aprendizaxe...

Ademais da información referida ao alumnado, é necesario extraer información sobre o entorno no que se desenvolve e coñecer que aspectos favorecen ou dificultan o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

No noso centro, que acolle cada ano a moitos/as alumnos/as procedentes do estranxeiro (que se incorporan moitas veces durante o curso escolar) a avaliación inicial destes alumnos é imprescindible para ser quen de tomar decisións coas que poder responder ás súas necesidades educativas. As dificultades principais xorden moitas veces do feito de que ditos alumnos/as proceden dun sistema educativo radicalmente diferente ao noso, e a iso súmanse tamén en moitos casos as dificultades comunicativas nalgunha das nosas dúas linguas ou incluso nas dúas.

Os instrumentos de avaliación inicial que empregaremos, segundo o caso particular de cada alumno, serán os seguintes:

- A observación
- A entrevista.

c. As probas estandarizadas que permitan valorar as principais competencias da nosa materia:

- Comprensión oral: intervencións do alumnado en voz alta interpretando as instrucións das actividades e do funcionamento do curso, resumindo e interpretando audicións.
- Comprensión escrita: cuestionarios de comprensión de textos escritos, resposta escrita a exercicios, resumo e comentario escrito de textos ofrecidos en distintos soportes.
- Expresión oral: intervención do alumnado en voz alta respondendo a propostas, actividades, comentando e valorando un texto ou un vídeo.
- Expresión escrita: producións escritas do alumnado en relación cos exercicios de aula, redaccións, resumos...
- Coñecemento da lingua: cuestións xerais sobre gramática, socioloxía da linguaxe ou léxico.
- Educación literaria: cuestións xerais sobre linguaxe literaria e os xéneros.

En función dos resultados tomaranse as medidas oportunas, individualizadas e significativas, xa sexan de reforzo, de ampliación, centrándonos nos contidos mínimos, seleccionando as actividades en función das características do alumnado e do grupo, flexibilizando o proxecto lector, etc., atendendo sempre á diversidade que se observe na aula, e contando coa colaboración dos alumnos e alumnas.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>33</b>	<b>33</b>	<b>34</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	80	80	80	<b>80</b>



Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>33</b>	<b>33</b>	<b>34</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	20	20	20	<b>20</b>

### Cráterios de cualificación:

#### DIRECTRICES XERAIS

Este Departamento entende que a materia ten unha avaliación positiva cando a nota é igual ou superior a cinco (5). É obrigatoria a lectura comprensiva de cada unha das obras de lectura por trimestre.

Tal e como aparece no Proxecto lingüístico do centro, aprobado en CE o 29/6/2018 (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/node/1108>), o alumnado, no que se refire á realización de traballos escritos, debe seguir a "Guía para a elaboración e presentación de traballos escritos".

As faltas de asistencia a calquera proba (física ou telemática) previamente fixada, oral ou escrita, deben ser xustificadas. No caso de carecer de xustificación, a cualificación da proba será de 0 puntos.

No caso de sorprender un alumno/a copiando, por calquera medio, ou colaborando activamente para que un compañeiro/a copie na realización de calquera proba, aplicaráselle nesa proba unha cualificación de 0 puntos.

Na convocatoria final/ordinaria (ESO) haberá unha proba final que lle permitirá ao alumnado acadar as competencias non adquiridas até ese momento. Para aprobar é necesario un mínimo de cinco puntos nesta proba, que puntuará de 0 a 10.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ESPECÍFICOS 2º ESO:

- As probas escritas e/ou orais de acreditación de coñecementos constituirán o 70% da nota. No caso de que se faga máis dunha proba, ese 70% será resultado da media aritmética das probas realizadas durante a correspondente avaliación.

- As probas escritas e/ou orais de comprobación de lectura constituirán o 10% da nota.
- A observación e rexistro da participación na aula, a realización das tarefas encomendadas para a casa, así como as diversas producións do alumnado ao longo do curso previstas nas distintas actividades (como a elaboración de textos, traballos de investigación, elaboración de exercicios de escritura creativa, dramatizacións, exposicións orais...) constituirán 20% da nota.

A efectos de calcular a nota final do trimestre dun alumno/a, realizarase a media ponderada, segundo as porcentaxes anteriormente descritas de todas as notas obtidas. Considerarase superada a avaliación cando o/a alumno/a obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

Así mesmo, a cualificación do alumno ou alumna para cada una das avaliacións poderase ver incrementada ata 1 punto pola lectura de obras complementarias, unha vez que estas sexan avaliadas positivamente (a nota mínima será igual ou superior a 5 sobre 10) no prazo establecido pola profesora correspondente, e sempre e cando se teña aprobada a lectura da obra marcada como obrigatoria para cada trimestre.

A nota da avaliación final será, por tanto, o resultado da media aritmética das tres avaliacións anteriores, estando o aprobado no 5.

### Cráterios de recuperación:

Unha vez coñecida a nota da 3ª avaliación, o alumnado cuxa nota media sexa inferior a 5, terá a posibilidade de facer unha proba escrita que servirá para recuperar as competencias non adquiridas ata ese momento. No caso de suspender unha avaliación, o exame corresponderase cos contidos da avaliación suspensa; no caso de suspender dúas ou máis avaliacións, o exame será de toda a materia.

En caso de non superar a asignatura nesta recuperación, o alumno deberá realizar unha única proba final (antes do 21 de xuño) onde será avaliado de todos os contidos do programa. Para aprobar será necesario un mínimo de 5 puntos nesta proba, que puntuará de 0 a 10. Neste caso a nota final será a acadada en devandita proba.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que teña suspensa a materia de Lingua castelá e Literatura de cursos anteriores poderá recuperala realizando unha serie de actividades propostas que deben ser entregadas no prazo establecido (20% da nota da avaliación), así como superar tres probas escritas, unha en cada avaliación (80% da nota da avaliación). Dita proba será consensuada polos docentes que imparten clase no mesmo nivel, terá lugar na semana anterior ás avaliacións e seralles comunicada persoalmente e a través da aula virtual. A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións e terá que ser igual ou superior a 5 para recuperar a materia pendente. No caso de que a media aritmética das tres avaliacións sexa inferior a 5, o alumnado realizará unha proba de recuperación final antes da avaliación ordinaria. Esta proba cualificarase de 0 a 10 e considerárase superada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

### 6. Medidas de atención á diversidade

#### A NIVEL DE CENTRO

A atención á diversidade no noso centro estará guiada polas disposicións recollidas no PXAD do IES do Milladoiro aprobado na CCP do 14/06/2017: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/taxonomy/term/137>.

#### A NIVEL DE DEPARTAMENTO

Dada a heteroxeneidade do alumnado, resulta necesario contemplar diversas actuacións dirixidas a adaptarse ás necesidades educativas de cada estudante.

Entendendo por atención á diversidade aquelas medidas encamiñadas a apoiar a aqueles alumnos que requiran un reforzo educativo, así como tamén a aqueles outros que, polas súas altas capacidades intelectuais, necesitan actividades de ampliación. Para iso traballaremos con actividades de reforzo e ampliación dentro da propia aula, unha vez identificadas as necesidades persoais mediante a avaliación inicial ou continua. Unha vez realizada a avaliación diagnóstica ou inicial, poderemos establecer os programas de reforzo para aquel alumnado que presente dificultades na materia de lingua. Tratarase de reforzar a comprensión lectora, a expresión e os contidos mínimos fixados para o nivel educativo en cuestión. Recorreremos á confección de tarefas ou traballo de reforzo específicas para cada caso concreto, para tratar de estimular e mellorar o rendemento naquelas competencias que non domine o/a alumno/a concreto/a.

En relación co anterior, prestarase especial atención ao alumnado de ESO que estea repetindo curso, isto é, despois de realizada a avaliación inicial (que incluírá unha conversa co alumno ou alumna onde este sexa quen de facer unha autoavaliación e reflexione sobre as causas do fracaso no curso anterior), valorarase a posibilidade de adaptar ou cambiar os traballos propostos ao alumnado xeral, cambiar a obra de lectura establecida como obrigatoria (no caso de coincidir esta coa do curso anterior), adaptar as actividades procurando suscitar a súa motivación e interese cara a nosa materia. O seguimento deste alumnado corresponderalle ao docente que lle dea clase no curso actual.

Tamén se fomentará o traballo individual e de grupo, entendendo este último como unha medida que permite que un alumno con maiores capacidades axude, estimule e guíe a outro compañeiro que presente máis dificultades. O que supón un enriquecemento e estímulo para ambos compañeiros.

Como unha medida moi especial de atención á diversidade, poderán cambiarse os instrumentos de avaliación, de ser o caso, para avaliar a aqueles alumnos/as que presenten determinados problemas físicos ou psíquicos.

Ademais, o material didáctico (libro de texto) co que traballaremos durante este curso contempla as seguintes pautas para atender ás diferentes necesidades do alumnado (diversidade de niveis, estilos e ritmo de aprendizaxe, de interese e capacidade):

- Adaptación curricular:

- Básica: os contidos nucleares da Unidade Didáctica preséntanse de forma pautada, con apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte do alumnado.

- Profundización: material fotocopiado con actividades de maior dificultade na súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do curso, etc.

- Competencias e intelixencias múltiples: contéplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, no movemento, a representación plástica, a dramatización...

- Plans individuais: dirixidos ao alumnado que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e sobredotación).

- Actividades multinivel: posibilitan que o alumnado atope, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axusten ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións. Deste modo,



nunha mesma clase pódese traballar a diferentes niveis, segundo as habilidades de cada alumno/a.

- Traballos de investigación: traballos que permiten a profundización na temática.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Prevención e resolución pacífica dos conflitos.		X	
ET.2 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.			X
ET.3 - Educación cívica e en valores.	X	X	X
ET.4 - Formación estética	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X
ET.6 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X
ET.7 - Educación para a saúde			X

#### Observacións:

No artigo 18 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Encontro con Nando López	O encontro co autor dunha das obras de lectura obrigatoria servirá para reflexionar sobre aspectos relacionados coa peza teatral, en especial en relación á temática e aos valores que trasmite e tamén para coñecer de primeira man o proceso de creación artística.		X	
Comemoración do Día Mundial da Poesía.	Co obxectivo de coñecer algunhas das figuras máis salientables da historia da poesía, de revivir a tradición oral dos recitais poéticos, de fomentar a lectura e a composición en verso e de recoñecer a converxencia da poesía con outras manifestacións artísticas, celebraremos o Día Mundial da Poesía cun obradoiro de escritura creativa.		X	

**Observacións:**

Este departamento ten previsto tamén participar activamente nas actividades de dinamización lectora coordinadas desde a Biblioteca, así como en actividades propostas por vicedirección ou interdepartamentais.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ao comezo de cada unidade, infórmase o alumnado sobre os obxectivos propostos, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Aplicáronse os procedementos e os criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspena.

<b>Metodoloxía empregada</b>
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
A planificación e a distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas.
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Explicáronse e corrixíronse as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...).
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo).
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, proponendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
<b>Clima de traballo na aula</b>
Favoreceuse a construción dun bo ambiente de traballo baseado no respecto mutuo e mantivéronse as normas de cortesía verbal e non verbal.

### **Descrición:**

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
  - A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
  - A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvolvidas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos

## 9. Outros apartados